

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O AUXILIO E COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE CORCUBIÓN NO SEU CONXUNTO E A ORDENACIÓN DO TRAFICO NO VIAL DE ACCESO

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Corcubión o convenio arriba referenciado, por un período vixencia polo período de tempo entre o 7 de agosto de o 31 de setembro de 2024 ambos incluídos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, á procura da máxima integración posible entre as infraestruturas porto -cidade que faciliten a intermodalidade e un uso adecuado das infraestruturas portuarias

A zona que se solicita por parte do concello e unha explanada axardinada con arborado que na actualidade esta aberta ó uso xeral, non portuario, precisamente polo súa configuración como zona axardinada.

Non obstante, dada a proximidade das infraestruturas e probable que esta zona sexa necesaria para usos de carácter portuario nun futuro, polo que a utilización como aparcadoiro público considerase viable de xeito provisional e de tempada.

O concello de Corcubión, en base a Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para o ocio e desfrute do tempo libre dos seus cidadáns está interesado na vixilancia das instalacións portuarias no seu conxunto e a ordenación do tráfico no vial de acceso ao porto de Corcubión, en beneficio da poboación concentrada no entorno do porto, o que suporá a mellora da funcionalidade do inmovible na interacción porto- cidade.

O Concello de Corcubión xustifica a súa solicitude polo grave problema de aparcamento motivado polo incremento da poboación e do número de vehículos nos últimos anos, agravándose o problema nos meses de verán. A falta de espazos axeitados para aparcas provoca conxestións de tráfico, perda de tempo e incremento da contaminación ambiental, ademais de xerar incomodidades aos residentes e visitantes.





Dada que esta zona do porto de Corcubión, pola súa funcionalidade está aberta ó público en xeral, Portos de Galicia e o Concello de Corcubión teñen interese en mellorar a ordenación de tráfico e a vixilancia nesas áreas e no conxunto do recinto portuario, e como medida para reducir as situacións de conxestión de tráfico que se producen no entorno do porto permitir o uso temporal da explanada axardinada para uso de aparcadoiro de uso público de balde na tempada estival.

En definitiva os accesos e da adecuación do tránsito e o uso público na zona portuaria, supoñen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, polo que as actuacións levadas a cabo, así como as que no futuro se executen, reverteren positivamente tanto no Ente Público Portos de Galicia como no Concello de Corcubión.

Por outra parte, dado que en determinadas zonas do porto de Corcubión, pola súa funcionalidade están abertas ó público en xeral, Portos de Galicia e o Concello de Corcubión teñen interese en estreitar a ordenación de tráfico e a vixilancia nesas áreas e no conxunto do recinto portuario.

Xa que logo, ámbalas dúas Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe á vixilancia e control do tráfico das referidas instalacións

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente convenio consiste en regula a colaboración entre o Concello de Corcubión e a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia no que atinxe ó auxilio na vixilancia policial e a ordenación do tráfico rodado na zona portuaria e a utilización da explanada axardinada localizada no límite sur da zona de servizo do porto, e control do aparcamento mediante o control do tráfico nesa zona con intervención da grúa municipal para deixar libre o dito espazo para as necesidades de circulación e de aparcamento así como para actuacións derivadas das necesidades portuarias.

O Concello de Corcubión comprométese a prestar auxilio e colaboración na vixilancia das instalacións portuarias no seu conxunto, denunciando ante a entidade pública empresarial Portos de Galicia as posibles infraccións portuarias, para o que remitirá en tempo e forma a Portos de Galicia os correspondentes boletíns de denuncia debidamente cumprimentados por axente de autoridade, e sen que isto implique cesión competencial ou patrimonial de ningún tipo, manténdose prevalentemente tódalas facultades que pola súa condición de dominio público portuario ostenta Portos de Galicia, sobre as instalacións obxecto deste convenio, especialmente a facultades sancionadoras en materia de tráfico e circulación vial no espazo portuario.

No marco deste auxilio e colaboración na vixilancia e ordenación do tráfico e aparcamento, nas instalacións portuarios do aparcamento do porto, respectando en todo caso as competencias de Portos de Galicia en canto a ordenación, control e coordinación do tráfico terrestre do artigo 113.2.a) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, poderá a Policía Local exercer a facultade sancionadora en materia de tráfico e circulación vial naqueles vieiros abertos á circulación cuxo acceso e uso xeral non se atopa limitado nin restrinxido con control previo da Autoridade portuaria, retirando os vehículos que infrinxan as normas de aparcamento e circulación por medio do servizo de grúa municipal





O Concello de Corcubión comprométese a realizar a actuación de acondicionamento da explanada axardinada delimitando as prazas de aparcamento con picas de formigón, que permitan identificar as zonas de aparcamento sen constituír unha urbanización que se poida considerar estable ou definitiva.

O Concello de Corcubión comprométese solicitar e manter en vigor os permisos, licencias e autorizacións que sexan legalmente esixibles por parte doutras administración.

O Concello de Corcubión, comprométese tamén ó aboamento de tódolos gastos derivados do normal uso e funcionamento das instalacións obxecto deste convenio

O Concello de Corcubión acreditará que dentro de a súa póliza de responsabilidade civil/patrimonial como administración pública se recollen os riscos derivados das obrigas que asume en virtude deste convenio.

Portos de Galicia, autoriza o uso de aparcamento e auxilio e vixilancia de tráfico obxecto deste convenio, sen que a intervención do Concello de Corcubión ao abeiro deste pacto sobre terreos de dominio público portuario identificados segundo plano anexo ao mesmo, implique cesión de competencia ou limitación ou perda das potestades administrativas e facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Corcubión.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Juan Sanmartín Ferreiro

